

## ACTA REUNIÓN COMISIÓN PARITARIA II CONVENIO COLECTIVO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS UNIVERSIDADE DE VIGO

### ASISTENTES

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

##### Xerente:

Manuel Fernández Jauregui

##### Vicerrector de Recursos Humanos:

Emilio Martínez Rivas

##### Xefa do Servizo de Retribucións e Seguros Sociais:

Antonia Melón Amor

#### CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS:

##### Xefe do Servizo Xurídico de Negociación Colectiva e de Xestión de Convenios:

Celso Araujo Castro

##### SECRETARIO:

Rafael Ameneiro Bravo

#### REPRESENTANTES SINDICAIS:

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Luis Pérez Gómez (CIG)

Marcos Estévez Orge (CCOO)

Manuel Marcos García (CCOO)

José Andrés Zapirain Fernández (UGT)

Acta da reunión extraordinaria da Comisión Paritaria do II Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Universidade de Vigo, celebrada ás 11:00 horas do día 6 de outubro de 2010, na sala de xuntas nº1 do Edificio Xerencia/Servizos Centrais coa asistencia das persoas que se citan á marxe e previa convocatoria realizada polo Consello Galego de Relacións Laborais:

Celso Araujo informa que de conformidade co artigo 7 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extrajudiciais de Conflitos de Traballo (AGA) promoveuse a convocatoria da Comisión Paritaria do II Convenio Colectivo da Universidade de Vigo a pedimento da Federación de Traballadores de Ensino de UGT de Galicia en escrito que tivo chegada ao Consello Galego de Relacións Laborais con data 10 de setembro de 2010.

Carlos Mollinedo e Luis Pérez preguntan pola data do escrito xa que nela figura a de 2 de xullo de 2010. Luis Pérez expresa que para el é relevante que se redacte este escrito con data 2 de xullo solicitando a convocatoria da Comisión paritaria cando esta estaba reunida ese mesmo día.

Celso Araujo expresa que o Consello Galego de Relacións Laborais só pode facer constar que este escrito chegou a el en data 10 de setembro de 2010 e se rexistrou con número 34978.

Marcos Estévez expresa que non pudo comunicar a convocatoria da reunión ao membro do sindicato CSI-CSIF, que, a maiores, está de baixa laboral.

Emilio Martínez manifesta a corresponsabilidade da Xerencia dos posibles erros da difusión da convocatoria.

Por ambas partes declárase que a reunión está formalmente constituída.

José Andrés Zapirain expresa que a decisión da xerencia de proceder a efectuar minoración salarial infrinxiu preceptos constitucionais, principios de leis orgánicas e ordinarias e do Convenio Colectivo, polo que son causa de anulabilidade e de nulidade de pleno dereito. Indica que por parte de UGT presentouse recurso de inconstitucionalidade contra a Ley 8/2010 polo



que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público. Expresa que, de prosperar o recurso, serían inconstitucionais tanto a Lei 3/2010 pola que se modifica a Lei 9/2009 do 23 de decembro de Orzamentos de Galicia para o ano 2010, a Orde do 24 de xuño de 2010 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2010 e se actualizan con efectos 1 de xuño as contías das súas retribucións, e os actos administrativos da Universidade de Vigo pola que se procede a efectuar minoracións salariais nas retribucións do persoal laboral. A maiores, UGT Galicia impugnou a normativa galega e a aplicación da orde da consellería ao persoal laboral por incumprimento do convenio colectivo. Indica que a sentenza do Tribunal Supremo de data 29 de maio de 1995 declarou que os poderes públicos poden modificar as estruturas salariais pero debendo manter os montante dos dereitos consolidados das retribucións. Expresa que a minoración salarial é unha medida confiscatoria e restritiva de dereitos, retrotraendo as retribucións a contías do ano 2007, que viola os artigos 14 da Constitución, 31 a 37 do Estatuto Básico do Empregado Público e o Convenio Colectivo. En consecuencia, solicita que a aplicación da Orde da Consellería non se aplique ao persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.

Emilio Martínez declara que non corresponde á Xerencia entrar no fondo da cuestión respecto da constitucionalidade das normativas estatais e autonómicas. Expresa que, aínda que están recorridas, as normas son de aplicación, pois ademais non están suspendidas cautelarmente por ningún órgano xudicial. Polo tanto, fíxose unha aplicación estrita da lei de xeito coordinado entre as tres universidades galegas. Expresa que da aplicación normativa se deu conta na reunión da comisión paritaria de 2 de xullo de 2010, e por medio das táboas salariais publicadas e de libre acceso na web da Universidade de Vigo. En segundo lugar, manifesta que se manterán as medidas salariais adoptadas en xullo, e que se houbera algunha sentenza se tomarán as medidas oportunas que as sentenzas establezan.

Manuel Fernández reitera que deuse información completa aos órganos de representación e á comunidade universitaria. Ademais lembra que se remitiu un informe da asesoría xurídica aos órganos de representación.

Luis Pérez pregúntase qué supón esta reunión de diferente respecto da mantida o 2 de xullo.

Marcos Estévez expresa que esta reunión é un paso previo se logo por parte de UGT se adopta a presentación de medidas de conflito colectivo. Manifesta que por parte de CCOO mantense a postura adoptada na reunión de data 2 de xullo.

Celso Araujo informa da disponibilidade do Consello Galego de Relacións Laborais para a adopción de medidas de conciliación, mediación e arbitraxe.

As dúas partes manifestan a súa non avinza na reunión.

*J. Fernández*

*L. Pérez*

*S. Araujo*